



Foz, marzo 2017.

Benquerido/a amigo/a:

*Unha vez máis diríxome a ti para comentarche unha iniciativa que quere levar adiante o noso Bispo coa xente máis nova dos nosos grupos e comunidades: **unha oración mensual**.*

- *Destinatarios: rapaces/as (a partir de 16 anos, aunque sempre queda ao criterio dos animadores das parroquias e comunidades).*
- *Lugares:*
 - *Zona de Ferrol: Parroquia Sta. María de Caranza (arciprestados de Ferrol, Xuvia e Ortegal-As Pontes).*
 - *Zona de Mondoñedo: neste primeiro encontro será na Capela da Residencia episcopal en Mondoñedo (arciprestados de Ribadeo, Viveiro, Terrachá e Mondoñedo).*
- *Datas:*

*Ferrol – Caranza: **26 marzo, domingo, ás 19 h.***

*Mondoñedo: **1 abril, sábado, ás 11.30 h.***

Como xa vos comentaba, a idea é ter un encontro mensual, que será preparado e animado por cada Arciprestado cada vez, no que o Bispo diocesano terá unha intervención. Os encontros durarán en torno aos cincuenta minutos, e pretenden ser un rato de silencio, oración e escoita da Palabra do Señor.

Ben sei que todos estamos enredados en moitas tarefas pastorais, e que cos máis xoves non sempre é un traballo fácil, pero si pode ser un intento que pode prender, se o animamos, como sucede noutros lugares. Este é un punto de partida, que coa axuda do Espírito do Señor e a nosa colaboración, pode ir facéndose realidade. Prégoche que o difundas, que o animes, invites,... logo, xa os mesmos rapaces/as se encargarán de dalo a coñecer.

Máis nada, espero que esta Coresma sexa proveitosa para todos. Recibe unha aperta de irmán.

Antonio Valín Valdés